

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE AER SOBRE A ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

PLENO 25 OUTUBRO 2012. ACTA 17/2012

Tendo en conta a recente aprobación da *LEI 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo*, na que o Concello de Redondela conta, segundo a Disposición transitoria segunda e o artigo 5.2, con catro representantes na Asemblea Metropolitana; e tendo en conta que nos atopamos na constitución desta Asemblea, correspóndelle a este Concello ser representado por dous representante do PP e outros dous do PSOE.

Dita Asemblea constituínte debería ser un órgano de representatividade dos concellos que compoñen a área metropolitana e non dos partidos que contén con representación nela.

Tendo en conta que algunhas das decisións que deberá adoptar dita asemblea, vixente ata novas eleccións municipais, terán importancia decisiva na xestión do Concello de Redondela, nas competencias, e ademais deberá afrontar a redacción dun elemento regulador fundamental como o Regulamento Orgánico.

Entendemos que as posicións que a representación deste Concello debe adoptar en dita asemblea deben responder ao sentir deste pleno municipal. É aquí onde se manifesta a diversidade de sensibilidades e sentires da poboación á que representamos.

Por todo o exposto, PROPOÑEMOS OS SEGUINTES ACORDOS:

1.- O Pleno de Redondela designará aos concelleiros/as dos partidos aos que lle corresponde a representatividade, para o cal o PSOE presentará alomenos 4 candidatos/as e o PP como mínimo 3 (xa que un ten que ser o alcalde).

2.- Os/as representantes do Concello de Redondela constituiranse nun grupo, “Grupo Redondelán”, na Asemblea da Área Metropolitana de Vigo.

3.- Os/as representantes deste Concello na Asemblea da Área Metropolitana de Vigo responderán ás decisións que se adopten no Pleno respecto dos diferentes puntos a tratar en cada unha das súas reunións.

No caso de non ser posible a convocatoria do Pleno, será a Xunta de Voceiros a que determinará a postura, proposta ou decisión a adoptar.

4.- No caso de que lles correspondesen outras funcións en órganos colexiados, as obrigas serán as mesmas. É dicir, consulta previa ao Pleno ou Xunta de Voceiros.

5.- Como medio necesario para dar cumprimento aos apartados anteriores, será imprescindible que para as convocatorias de calquera comisión ou asemblea se conte cun prazo de sete días naturais, agás urxencia xustificada.

6.- Os/ as representantes deste Concello na área Metropolitana quedan obrigados a transmitir a tódolos grupos os acordos, decisións e actas daqueles actos nos que participen.

VOTACIÓN E ACORDO

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, votou por separado os seis apartados da parte dispositiva da Moción transcrita, acadando estes, o seguintes resultados:

Votación do apartado 1º) da Moción.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e maioría dos concelleiros/as, sendo un voto a favor (1 de A.E.R.) e vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE e 2 do B.N.G.), rexeitou o primeiro apartado da Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-

Votación do apartado 2º) da Moción.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e maioría dos concelleiros/as, sendo un voto a favor (1 de A.E.R.) e vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE e 2 do B.N.G.), rexeitou o segundo apartado da Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-

Votación do apartado 3º) da Moción.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e maioría dos concelleiros/as, sendo un voto a favor (1 de A.E.R.) e vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE e 2 do B.N.G.), rexeitou o terceiro apartado da Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-

Votación do apartado 4º) da Moción.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e maioría dos concelleiros/as, sendo un voto a favor (1 de A.E.R.) e vinte votos en contra (10 do PP, 8 do PSdeG-PSOE e 2 do B.N.G.), rexeitou o cuarto apartado da Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-

Votación do apartado 5º) da Moción.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e maioría dos concelleiros/as, sendo tres votos a favor (2 do B.N.G., e 1 de A.E.R.) e dezoito votos en contra (10 do PP, e 8 do PSdeG-PSOE), rexeitou o quinto apartado da Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-

Votación do apartado 6º) da Moción.-

O Concello Pleno, en votación ordinaria e maioría dos concelleiros/as, sendo once votos a favor (8 do PSdeG-PSOE, 2 do B.N.G. e 1 de A.E.R.) e dez abstencións (10 do PP), aprobou o sexto apartado da Moción do Grupo Municipal de A.E.R., nos antecedentes transcrita.-